

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

EXTRACTO da Orde do 8 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, do Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio, e se procede á súa convocatoria e á apertura do prazo para a adhesión dos comercios.

BDNS (Identif.): 556809.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderán ser persoas beneficiarias das axudas as persoas físicas maiores de idade e residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. *Obxecto*

O obxecto é a concesión de axudas do Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio.

Terceiro. *Bases reguladoras*

As bases reguladoras publícanse conxuntamente na convocatoria do programa bonos Activa comercio.

Cuarto. *Importe*

Para a concesión destas axudas destínanse 10.000.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 06.03.751A.480.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.



Quinto. *Data de activación dos bonos*

Os bonos estarán dispoñibles para a súa descarga polos usuarios a partir do 3 de maio e terán una validez de tres meses.

Mediante orde da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación poderase modificar a devandita data se razóns organizativas, sanitarias ou doutra índole así o aconsellan, e darase a oportuna publicidade.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2021

Francisco José Conde López
Vicepresidente segundo e conselleiro de Economía,
Empresa e Innovación

